CA1.5 - Buscar información en fontes confiables sobre temas de investigación de interese persoal, educativo ou ocupacional, considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	Buscar información en fontes confiables sobre temas de investigación de interese persoal, educativo ou ocupacional, co apoio do/a docente.		
CA1.9 - Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar a partir de modelos documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos, en soporte tanto impreso como dixital.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.15 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos, e contando co apoio do/a docente.		
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, contando co apoio do/a docente		
CA1.6 - Expresar oralmente textos sinxelos e comprensibles, previamente preparados, de extensión breve ou media, nun rexistro neutro, sobre temas de interese persoal sobre os que teña coñecementos previos, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a de planificación, de compensación e de cooperación.	Expresar oralmente textos sinxelos e comprensibles, co apoio dun guión escrito.		
CA1.7 - Producir textos, tanto cara a cara como por medios técnicos, nun rexistro neutro, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar e manter a comunicación.	Producir textos, tanto cara a cara como por medios técnicos, nun rexistro neutro, cun discurso comprensible e adecuado á situación, utilizando as estratexias necesarias para iniciar e manter a comunicación e co apoio dun guión escrito.		
CA1.8 - Redactar e difundir textos claros e coherentes, con cohesión sinxela, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, con control de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Redactar a partir de modelos e difundir textos claros e coherentes, con cohesión sinxela, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, nun rexistro neutro.	TI	69
CA1.10 - Aplicar e comunicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria, e ás características contextuais.	Aplicar e comunicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria, e ás características contextuais, co apoio do/a docente.		
CA1.11 - Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves referidos a asuntos da vida cotiá, e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal propia da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves referidos a asuntos da vida cotiá, e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, co apoio dun guión escrito.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Interactuar con pronuncia intelixible pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar con pronuncia intelixible pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación; e contando co apoio do/a docente.		
CA1.13 - Interaccionar, utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	Interaccionar, utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais, comportamento, e convencións sociais, co apoio dun guión escrito.		
CA1.14 - Utilizar, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.	Utilizar, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións, co apoio do/a docente.		
CA1.16 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar case sempre unha actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.		
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, contando co apoio do/a docente.		
CA2.2 - Participar na solución de problemas de incompreensión e de entendemento no seu entorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	Participar na solución de problemas de incompreensión e de entendemento no seu entorno próximo, contando co apoio do/a docente.		
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento.	Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento, e contando co apoio do/a docente.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos co outros participantes.	Identificar a partir dunha rúbrica común os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente, sen necesidade de alcanzar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis utilizada.	Valorar globalmente a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente, sen necesidade de alcanzar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis utilizada.		
CA3.1 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar a partir dun guión preestablecido en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Actuar case sempre de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais.		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Incorporar case sempre a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.	Identificar case sempre os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.		
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Valorar case sempre positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.		
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas etc.) dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que pode reflectir a diversidade cultural.	Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, a partir dun guión preestablecido, as manifestacións culturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que pode reflectir a diversidade cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Manifestación de autoconfianza e iniciativa. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción

Contidos

- e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados.
- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais).
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: establecer e manter de xeito sinxelo a comunicación e a organización elemental do discurso. Dar información persoal e familiar básica e, en termos simples, narrar acontecementos pasados e describir estados e situacións presentes, e expresar sucesos futuros. Solicitar e dar información e indicacións, e expresar de xeito sinxelo opinións e advertencias. Expresar de forma sinxela coñecemento, descoñecemento, certeza e dúbida. Expresar a vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. Expresar interese, aprobación, aprecio, satisfacción e sorpresa, así como os seus contrarios. Resumir.
- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e o recoñecemento do contexto (participantes e situación), as expectativas xeradas polo contexto, a organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.
- Utilización de unidades lingüísticas de uso común e habitual e significados asociados a estas tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia, posterioridade...), as formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e as relacións lóxicas habituais.
- Utilización de léxico común de interese para o alumnado relativo a tempo e espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura; así como uso básico de estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Utilización e recoñecemento de padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.
- Utilización e recoñecemento de padróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar e negociar significados.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na rede, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: utilización de ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e de recursos para evitar o plaxio.
- Emprego de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e de plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Reaxuste da tarefa ou da mensaxe, emprendendo unha versión máis modesta, tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos sinxelos de textos, e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de

Contidos

- uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Achegamento a algúns aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios de países onde se fala a lingua estranxeira (convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades etc.).
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Utilización de estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Aspectos xerais

O proceso de ensino-aprendizaxe en base ás competencias clave supuxo unha profunda reflexión e os cambios pertinentes en relación co enfoque metodolóxico que se viña poñendo en práctica anteriormente.

Xa non se trata de transmitirille ao alumnado uns determinados coñecementos plasmados nunha serie de contidos, para que poidan reutilizalos nun futuro indeterminado.

Agora o alumnado é un axente activo, protagonista no seu proceso de aprendizaxe, de tal xeito que poida adquirir competencias.

Os coñecementos derivados dos contidos seguen sendo necesarios pero deixan de ser un fin en si para converterse en ferramentas que permiten acadar as competencias clave.

Así mesmo, o/a profesor/a deixa de ser o fundamento do proceso de ensino, para converterse nun apoio para un alumnado que debe, entre outras competencias, aprender a aprender por si mesmo, máis alá do que lle ensine un/unha profesor/a.

Bacharelato

Neste nivel educativo debemos enfrontarnos a unha maior heteroxeneidade na aula, xa que acolleamos alumnado que cursou anteriormente Francés nos catro cursos da ESO xunto con alumnado que abandonou a aprendizaxe desta lingua nalgún momento do seu percorrido educativo.

Por este motivo, debemos adoptar unha metodoloxía moi particular neste nivel educativo, no primeiro curso e logo na súa continuación en segundo.

Dito isto, adoitamos atoparnos ante unha maioría de alumnado que sempre cursou a segunda lingua estranxeira na ESO, mentres só unha minoría escolleu esta materia en 1º BACHARELATO sen a ter cursado anteriormente en todos os cursos da ESO.

A experiencia de cursos pasados indícanos que é moito máis axeitado respectar o nivel acadado polo alumnado que

sempre lle deu unha continuidade á aprendizaxe da segunda lingua estranxeira.

Para o alumnado que non estea nesta situación, adoptaremos unha actitude similar á que adoptamos para 4º ESO, nivel no que se dá unha problemática similar. É dicir que, partindo dunha boa vontade e dunha boa actitude por parte do alumnado implicado, o profesorado prestaralle unha atención e un apoio especial, axudándoo así a dar os pasos que lle permitan finalmente acadar o grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación estipulados, cubrindo pouco a pouco as lagoas acumuladas durante os cursos nos que non cursou esta materia.

O profesorado propoñerá en todo momento actividades diversas, de dificultade variable, que lle permitirán ao alumnado asimilar os contidos vistos sexa cal sexa o seu nivel, pero sempre contando cun esforzo especial por parte do alumnado con menos nivel.

De todos xeitos, este nivel educativo debe supoñer un paso adiante importante na autonomía do alumnado, a nivel de aprendizaxe pero tamén á hora de asumir a traxectoria académica que seguiu anteriormente así como as consecuencias derivadas da mesma no que se refire á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

Se nos centramos agora no enfoque pedagóxico previsto no método elixido, de Édito A2 (editorial Didier-Santillana) podemos dicir que se trata dun método que divide a lingua en progresións nas catro competencias lingüísticas (comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita) inda que incorpora coa maior frecuencia posible cruces entre estas catro competencias, respectando iso si a súa especificidade.

Isto déixalle ao profesorado a elección de insistir máis nunha ou noutra competencia en cada momento.

O método segue dándolle prioridade á comprensión oral e escrita, para consolidar un corpus importante de coñecementos pasivos que lle permiten ao alumnado entender textos cada vez máis interesantes, orais e escritos.

O método tamén prevé exercicios de reflexión colectiva e individual sobre os distintos niveis de funcionamento da lingua estranxeira, sobre a gramática, a fonética, o paso da escrita ao oral, etc., e incita á comparación co funcionamento das linguas xa coñecidas polo alumnado.

Insistimos na aprendizaxe en espirais sucesivas (sínteses sucesivas de lección en lección, e sínteses de sínteses), que permite unha progresión rápida e segura da aprendizaxe.

Neste nivel, o alumnado é máis consciente desta progresión particular, que alterna momentos de repaso global e momentos de aprendizaxe nova que se integra naturalmente no conxunto anterior.

O alumnado poderá comprobar que progresa rapidamente mediante balances regulares e autoavaliacións en tódalas competencias.

O método dálles ao alumnado estratexias de lectura silenciosa e de lectura en voz alta. Numerosos exercicios aseguran o paso da escrita ao oral e á inversa para que o alumnado aproveite oralmente do que aprende por escrito e á inversa.

A pedagogía proposta está centrada no alumnado, ten en conta a diversidade de perfís dos adolescentes e das leis que dinamizan o grupo-clase.

Ten conta tamén da globalidade da persoa (corpo - emocións - cerebro), outórgalle un papel importante ao rigor e á reflexión pero tamén ás dimensións lúdica, motivadora e social da aprendizaxe.

Neste sentido, desenvólvense particularmente estes eixes principais:

- 1) O desenvolvemento dos potenciais cognitivos
- 2) O tratamento da diversidade
- 3) A aprendizaxe ligada a valores.
- 4) A autonomía á hora de avaliar e asumir o seu itinerario de aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Édito A2, libro do/a alumno/a (editorial Didier-Santillana)
Édito A2, caderno de exercicios (editorial Didier-Santillana)
Material complementario elaborado e/ou elixido polo/a docente, dispoñible en liña.

O libro do/a alumno/a será o noso punto de referencia constante no proceso de ensino-aprendizaxe pero botaremos man constantemente de material de reforzo e apoio: un caderno de exercicios, os apuntamentos do alumnado e materiais complementarios abundantes, propostos polo/a docente e dispoñibles en liña.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Cada alumno/a debe recibir unha atención individualizada, tendo en conta os seus coñecementos, as súas aptitudes e o seu nivel competencial inicial, así como a súa maneira de interactuar dentro do grupo-clase no que se atopa inmerso/a.

A avaliación inicial debe permitirnos detectar posibles necesidades de actuación específica a nivel individual ou colectivo: posibles reforzos individuais ou colectivos; posibles medidas relacionadas coa convivencia no grupo-clase; posibles axustes metodolóxicos, etc.

Para poder sacar as pertinentes conclusións e tomar así as medidas individuais ou colectivas pertinentes, basearémonos sobre a observación do traballo e da actitude individuais e colectivos nas primeiras semanas do curso, así como nos resultados dunha pequena proba inicial elaborada en base aos contidos mínimos vistos en cursos anteriores.

Nesta proba avaliaremos contidos e destrezas relacionados coas catro competencias lingüísticas: comprensión/expresión oral, comprensión/expresión escrita.

A partir deste seguimento e desta observación iniciais, poderemos determinar cales poden ser as necesidades específicas de determinado alumnado, así como en que aspectos da lingua deberemos incidir ao longo do curso, a nivel individual ou colectivo, e con que enfoque metodolóxico.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	5	5	7	7	8	8	12	12
Proba escrita	31	31	31	31	31	31	31	31	31	31
Táboa de indicadores	69	69	69	69	69	69	69	69	69	69

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	13	13	100
Proba escrita	31	31	31
Táboa de indicadores	69	69	69

Criterios de cualificación:

Consideracións previas:

Para cualificar o alumnado de maneira clara e intelixible para profesorado, alumnado e pais, nais e titores legais, consideramos oportuno distribuír os Criterios de Avaliación establecidos entre os seguintes apartados:

- Comprensión oral.
- Expresión oral.
- Comprensión escrita.
- Expresión escrita.
- Estrutura da lingua e Cultura.

Consideramos que os Criterios de Avaliación quedan distribuídos do seguinte xeito:

- Comprensión oral:
CA1.2., CA1.4., CA2.1.

- Expresión oral:
CA1.6., CA1.7, CA1.11., CA1.12., CA1.13., CA2.1., CA3.1.

- Comprensión escrita:
CA1.1., CA1.2., CA1.3., CA1.4., CA2.1.

- Expresión escrita:
CA1.7, CA1.8., CA1.9., CA1.11., CA2.1., CA3.1.

- Estrutura da lingua e Cultura:
CA1.5., CA1.8., CA1.10., CA1.12., CA1.14, CA1.15., CA1.16., CA2.2., CA2.3., CA2.4., CA2.5., CA2.6., CA3.1., CA3.2., CA3.3., CA3.4., CA3.5., CA3.6.

Cálculo da nota de cada avaliación:

Cada un dos 5 apartados anteriormente definidos ten unha ponderación do 20% para o cálculo da nota de cada avaliación.

En cada avaliación, a nota do/a alumno/a será a suma das medias dos resultados en cada un destes 5 apartados, tendo en conta a ponderación aplicada.

Para facilitar o cálculo da nota de cada avaliación e a intelixibilidade destes criterios de cualificación por parte do alumnado, o profesorado poderá avaliar cada exercicio ou tarefa sobre 2, aplicando así directamente a ponderación de cada apartado.

Ademais, en cada un dos 5 apartados, o profesorado poderá engadir unha nota máis que fará media coas demais notas. Esta nota será o resultado da observación diaria do traballo de aula (implicación, participación...) e da casa (tarefas, deberes...) e calcularase mediante o instrumento de avaliación que determine o profesorado en cada caso (positivos/negativos, táboa de indicadores...).

Cálculo da nota final provisional:

Nos primeiros días do mes de xuño, o alumnado recibirá unha nota final provisional que será o froito da seguinte ponderación da nota das tres avaliacións:

- 1ª avaliación: 20%
- 2ª avaliación: 30%
- 3ª avaliación: 50%.

Cálculo da nota final:

Ao final do curso, en xuño, o alumnado recibirá unha nota final.

Unha vez definida e comunicada a nota final provisional, pódense dar tres situacións:

- 1) O/a alumno/a ten unha nota final provisional inferior a 5: O/a alumno/a deberá realizar unha proba final que inclúa os temas que determine o profesorado segundo a situación de cada alumno/a.
- 2) O/a alumno/a ten unha nota final provisional entre 5 e 9: O/a alumno/a poderá facer unha tarefa de reforzo e ampliación segundo determine o profesorado, que, en caso de avaliación positiva, lle permitirá ao alumnado mellorar en 1 punto a súa nota final provisional.
- 3) O/a alumno/a ten unha nota final provisional de 10: O/a alumno/a poderá facer unha tarefa de reforzo e ampliación segundo determine o profesorado.

Considérase como superada a materia se o/a alumno/a acada unha nota final igual ou superior a 5 (sen aplicar redondeo).

Consideracións xerais:

Faise constar que nas probas escritas ou orais colectivas está prohibido copiar. O profesorado tomará as medidas sancionadoras oportunas en caso de infracción a esta norma: o alumnado infractor terá que presentarse a outro exame equivalente ou o profesorado poderá anularlle ao alumnado en cuestión o(s) apartado(s) do exame no(s) que copiase (o resultado dese(s) apartado(s) será entón 0, "cero").

A participación nas probas e a entrega ou presentación en prazo dos traballos solicitados son obrigatorias. Calquera impedimento á hora de respectar as normas establecidas deberá ser debidamente xustificado para poder recuperar ditas probas ou traballos.

No caso de que un/unha alumno/a non se presente a unha proba na data estipulada e que esa falta de asistencia non sexa debidamente xustificada, o/a alumno/a non poderá recuperar dita proba. O profesorado elaborará posteriormente unha proba específica para o alumnado en cuestión, que recollerá toda a materia da que non se examinase no seu momento.

Faise constar tamén que en caso de faltas de asistencia repetidas coincidindo con probas escritas e/ou orais, esas faltas xa non poderán ser xustificadas directamente polos pais ou tutores legais do alumnado afectado; as faltas deberán ser xustificadas mediante a presentación do pertinente documento escrito (certificado médico, certificado de asistencia a visita ou probas médicas, convocatoria oficial por parte de calquera organismo público ou privado, etc.).

Faise constar tamén que o feito de non presentar as tarefas feitas ou os traballos escritos solicitados no prazo establecido acarreará unha penalización nos bloques de Estrutura da lingua e Cultura e Expresión escrita respectivamente: cada vez que o profesorado comprobe que un/unha alumno/a vén coas tarefas sen facer, restaráselle a dito/a alumno/a 0,1 puntos na media do bloque de Estrutura da lingua e Cultura; e por cada día de atraso na entrega dun traballo escrito, restaráselle ao alumnado implicado 0,1 puntos sobre o resultado de dito traballo.

No caso de negarse a realizar unha proba oral, o alumnado implicado non poderá recuperar dita proba. A proba constará como "non presentada" na táboa de indicadores que permite a cualificación do alumnado. O/a profesor/a e o/a alumno/a asinarán dita táboa de indicadores, e o resultado da proba será 0 (cero).

Criterios de recuperación:

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira non se pode organizar en temas máis ou menos estancos. Todo está relacionado e todas as destrezas anteriormente traballadas son constantemente mobilizadas. Trátase dunha aprendizaxe en espirais sucesivas.

Polo tanto, non contemplamos exames de recuperación específicos. O alumnado que teña suspensa unha das dúas primeiras avaliacións terá a oportunidade de recuperar as súas carencias nas sucesivas probas comúns para todo o alumnado, onde volverán mobilizarse os contidos e as destrezas non superados anteriormente.

No caso de que a nota final provisional sexa insuficiente, o alumnado fará unha proba final na que entrarán as destrezas e contidos máis necesarios, segundo determine o profesorado.

A nota final será a conseguida nesa proba final, sempre e cando non sexa inferior á nota obtida na avaliación final provisional.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En 1º Bacharelato, non se dá a circunstancia de alumnado coa materia de Francés-2ª lingua estranxeira pendente, ao entrar o alumnado nunha nova modalidade educativa.

Porén, estaremos atentos ao alumnado que amosase dificultades na súa etapa da ESO.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Ao iniciar unha nova etapa educativa, o alumnado de 1º Bacharelato non precisa acreditar coñecementos previos necesarios, dado que legalmente, incluso podería cursar a materia de Francés-2ª lingua estranxeira sen a ter cursado en ningún curso da ESO; circunstancia que non se dá por norma xeral.

6. Medidas de atención á diversidade

Calquera docente sabe por experiencia que non hai dous alumnos similares e que a diversidade de personalidades e de maneiras de aprender por parte de cada alumno pronto dá lugar a diferenzas significativas no grupo. E isto é o que fai a riqueza e o interese da ensinanza a grupos.

No método utilizado aquí, trátase de axudar o/a alumno/a a aceptar as diferenzas entre as persoas, os países, as culturas, os acentos, e tamén as maneiras de aprender. Deste xeito o alumno crecerá coñecendo mellor aos demais e a si mesmo.

A efectos prácticos, favoreceremos traballos colaborativos na medida das nosas posibilidades, relacionados cos

contidos e destrezas vistos en cada momento, e o traballo con fichas que propoñan diversas estratexias, máis ou menos complexas, para acadar uns mesmos obxectivos.

Ademais destas medidas xerais, xunto co Departamento de Orientación, concretáronse as seguintes medidas específicas no eido das linguas estranxeiras para a elaboración de programas específicos personalizados para o alumnado que presente dificultades e/ou necesidades educativas especiais (tdah, dislexia...):

- Sinalar obxectivos mínimos de cada tema a nivel de vocabulario e gramática.
- Reducir a cantidade de vocabulario.
- Non corrixir as faltas de ortografía, permitindo a transcripción fonética das palabras (por exemplo; orange-oranch), priorizando a integración oral das mesmas.
- Permitir ter á vista en clase e en probas de avaliación as fórmulas de estruturación gramatical das frases (por exemplo, Suxeito + verbo + nome + adxectivo).
- Permitir ter á vista en clase e exames os esquemas de estruturación dos distintos tempos verbais (por exemplo, Passé composé: Pronome persoal + verbo auxiliar + participio).
- Reducir a cantidade de libros de lectura obrigatorios así como adaptalos ao seu nivel lector.
- Permitir avaliacións baseadas en maior medida no compoñente de comprensión oral, que no de lectura ou composición escrita.
- Tempos extra.

O alumnado diagnosticado de altas capacidades fará o traballo común a todo o alumnado e no tempo libre do que previsiblemente dispoña ao realizar as tarefas con maior axilidade, poderá facer actividades de ampliación e reforzo que, de seren avaliadas positivamente segundo os criterios estipulados para cada tarefa polo profesorado, lle permitirán mellorar en 1 punto a nota de cada avaliación.

Tendo en conta que estamos inmersos nun enfoque competencial da educación, este alumnado vai ter a oportunidade de mobilizar as súas capacidades e de demostrar o seu nivel de excelencia en dous apartados fundamentais no dominio dunha lingua estranxeira: a expresión oral e a expresión escrita.

En cada avaliación, o alumnado en xeral debe presentar varios exercicios de expresión oral e expresión escrita.

En cada caso, o alumnado de altas capacidades vai ter a oportunidade de facer exactamente os mesmos exercicios có resto do alumnado, ou de ampliar ditos exercicios para así poder mellorar en 1 punto como máximo a súa media de cada avaliación.

No caso de non acollerse a esa opción de ampliación ou de non conseguir os requisitos que desenvolveremos a continuación, o alumnado en cuestión mantería a súa nota media.

A ampliación dos exercicios de expresión oral e escrita vai consistir nun maior tempo de palabra e nun maior número de palabras respectivamente.

Estes serán os criterios de avaliación que se aplicarán:

- Expresión oral:

o Respecto do tempo de palabra engadido.

o Excelencia no uso de ferramentas de estruturación do texto oral (estruturación e desenvolvemento do tema tratado; precisión no uso dos conectores).

o Excelencia no uso do vocabulario mobilizado (precisión e riqueza do vocabulario utilizado).

o Excelencia no uso da sintaxe (corrección gramatical, riqueza no uso de estruturas oracionais, precisión no uso dos tempos verbais).

o Excelencia na calidade da entoación e pronunciación.

- Expresión escrita:

o Respecto da extensión esixida na modalidade de texto ampliado.

o Capacidade para redactar o texto escrito sen usar dicionario.

o Excelencia no uso de ferramentas de estruturación do texto escrito (estruturación e desenvolvemento do tema tratado; precisión no uso dos conectores).

o Excelencia no uso do vocabulario mobilizado (precisión e riqueza do vocabulario utilizado).

o Excelencia no uso da sintaxe (corrección gramatical e ortográfica, riqueza no uso de estruturas oracionais, precisión no uso dos tempos verbais).

Estes serán os criterios de cualificación e a maneira en que o alumnado pode acadar ata 1 punto a maiores na nota media de cada avaliación:

- Cada exercicio ampliado de expresión oral e expresión escrita recibirá a cualificación oportuna segundo os criterios de cualificación para o conxunto do alumnado e, a maiores, no caso de cumprir con todos os criterios de avaliación anteriormente mencionados, recibirá a cualificación de APTO no apartado de ampliación.

- Ao final da avaliación, se o 80% dos exercicios ampliados de expresión oral recibiron a cualificación de APTO, o alumnado verá a súa media (previa a calquera redondeo) mellorada en 0.5 puntos nesa avaliación.

- Ao final da avaliación, se o 80% dos exercicios ampliados de expresión escrita recibiron a cualificación de APTO, o alumnado verá a súa media (previa a calquera redondeo) mellorada en 0.5 puntos nesa avaliación.

En definitiva, o alumnado de altas capacidades ten a posibilidade de mellorar a nota de cada avaliación en 0.5 ou 1

punto.

Os traballos ampliados terán sempre o carácter de voluntarios. En cada avaliación, non se aplicarán as medidas de ampliación anteriormente mencionadas se o alumnado non presenta un 80% de traballos ampliados en relación coa totalidade dos traballos propostos ao alumnado en xeral.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Os distintos tipos de percorridos vitais.	X							
ET.2 - Cambio climático e respecto polas nosas paisaxes.		X						
ET.3 - Mecanismos de solidariedade. O dereito a unha vivenda digna.			X					
ET.4 - Somos iguais, somos distintos. Aceptámonos e respectámonos como somos.				X				
ET.5 - O noso porvir. A sociedade do futuro. A nosa relación coas novas tecnoloxías.					X			
ET.6 - A importancia dunha alimentación sa. As diversas opcións alimenticias.						X		
ET.7 - O noso corpo e a nosa saúde. As campañas de prevención para a xuventude.							X	
ET.8 - O acceso á información. Os medios de comunicación e as redes sociais. O contraste da información.								X
ET.9 - Consumismo, consumo responsable, reciclaxe e reutilización.								
ET.10 - A viaxe e o turismo como fonte de enriquecemento persoal. O mundo francófono.								
ET.11 - Formarse e prepararse para o mundo laboral.								
ET.12 - Respecto polo medioambiente e a biodiversidade.								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Os distintos tipos de percorridos vitais.				
ET.2 - Cambio climático e respecto polas nosas paisaxes.				
ET.3 - Mecanismos de solidariedade. O dereito a unha vivenda digna.				
ET.4 - Somos iguais, somos distintos. Aceptámonos e respectámonos como somos.				
ET.5 - O noso porvir. A sociedade do futuro. A nosa relación coas novas tecnoloxías.				
ET.6 - A importancia dunha alimentación sa. As diversas opcións alimenticias.				
ET.7 - O noso corpo e a nosa saúde. As campañas de prevención para a xuventude.				
ET.8 - O acceso á información. Os medios de comunicación e as redes sociais. O contraste da información.				
ET.9 - Consumismo, consumo responsable, reciclaxe e reutilización.	X			
ET.10 - A viaxe e o turismo como fonte de enriquecemento persoal. O mundo francófono.		X		
ET.11 - Formarse e prepararse para o mundo laboral.			X	
ET.12 - Respecto polo medioambiente e a biodiversidade.				X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Aproximación ao cine francófono.	Visionado e estudo dalgunhas películas significativas do cine francófono, de onte e/ou de actualidade.			
Aproximación á canción francófona.	Estudo de grupos e cantantes francófonos, de onte e/ou de actualidade.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Capacidade para utilizar distintas ferramentas metodolóxicas (traballos en grupo, uso das TIC...).
Planificación eficaz das tarefas por desenvolver na aula.
Actitude positiva e construtiva cara ao alumnado.
Capacidade para abordar comportamentos disruptivos dunha maneira correcta e apropiada.
Utilización dunha variedade de procedementos e de instrumentos de avaliación.
Implementación entre o alumnado da auto-avaliación e a co-avaliación.
Comunicación co alumnado sobre os seus progresos e as súas dificultades de aprendizaxe.
Comunicación regular cos titores para informalos sobre o proceso de ensino-aprendizaxe.

Descrición:

O proceso de ensino-aprendizaxe está en constante movemento e evolución polos cambios normativos, os cambios metodolóxicos e tecnolóxicos, as transformacións socioeconómicas que afectan a familias e alumnado e a evolución na maneira de aprender por parte do alumnado.

A práctica docente non pode manterse invariable ao longo dos anos e debe auto-cuestionarse constantemente.

Trátase dun exercicio que cada docente debe facer individualmente pero que tamén debe facerse en grupo, no marco do Departamento, de tal xeito que poidamos acadar certa harmonía metodolóxica máis alá do principio da liberdade de cátedra.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Co fin de velar por que os procesos de ensino e de avaliación que se desenvolven nas aulas se axusten á Programación didáctica e ás necesidades educativas do alumnado, levarase a cabo cando menos unha reunión dos membros do Departamento mensualmente, e unha reunión cada trimestre, ao final de cada avaliación, para facer seguimento do grao de desenvolvemento da Programación e dos resultados obtidos.

Despois de cada avaliación, non só valoraremos os resultados do alumnado individualmente para así poder detectar posibles alumnos/as con necesidades educativas especiais, senón que valoraremos tamén os resultados dun grupo a outro para así poder detectar posibles desviacións.

É dicir que se a porcentaxe de éxito dun grupo determinado ou dun nivel determinado fronte a outros é significativamente inferior, estudaremos os motivos que dan lugar a esta situación, para así poder tomar as medidas oportunas, que poden incluír ou non unha modificación da programación didáctica.

Os contidos e as decisións que se tomen nestas reunións de coordinación quedarán recollidos nas correspondentes actas do Departamento.

Estas xuntanzas serán de especial interese para coordinar o traballo de profesorado que comparta un mesmo nivel educativo.

Tamén serán unha oportunidade para buscar solucións colexiadas ante eventuais problemas ou dificultades relacionados co desenvolvemento desta programación.

9. Outros apartados